

O MEU PASO POLO COLEXIO

Durante estes últimos 9 anos fun sempre ao CEIP de Arzúa. Nestes 9 anos pasaron moitas cousas boas e outras non tan boas, pero todas son únicas.

Empecei o colexio o día 12 de setembro de 2011, recordo que ía moi contento por empezar nun novo colexio e que ademais ía coa miña irmá. Ela xa me contara cousas sobre o colexio. Algúns nenos xa os coñecía da gardería, pero outros non.



De Infantil non me acordo de moito, pero si sei as profesoras que me deron; foron Susana e Finita. En primeiro e segundo de Primaria tamén me dou Finita e levounos de excursión a un lugar onde había moitos paxaros (Avifauna) e a moitos máis sitios como a casa de Rosalía de Castro .



En terceiro e cuarto deume clases unha profesora que chegara ese ano ao centro, e chámase Mar; foi a mellor profe que puideron ter. En terceiro deunos aos 26, pero en cuarto separáronnos a todos. As excursións que fixemos foron a dos **petróglifos**, a de **Sotavento**, a das **Illas Cíes**...



O curso de 5º e de 6º gustoume moito porque eramos os alumnos maiores do colexio; a min en 5º e 6º deume Mar. En 5º fomos de excursión á Coruña a visitar o Planetario, a unha parte do camiño de Santiago e a visita aos Canóns do Sil. E en 6º fomos ver unha película a unha sala de cine das máis antigas de Santiago.



Por moitas cousas que pasen no mundo eu sempre levarei ao CEIP de Arzúa no meu corazón, e espero que non cambie nada. Espero que nunca cambien ningún dos meus profesores/as, amigos/as e compañeiros/as porque sodes as mellores persoas que coñecín na miña vida e fixestes que estes anos foran moi agradables.

NON CAMBIEDES NUNCA!



O MELLOR GRUPO QUE PUIDEN TER. GRAZAS

ADRIÁN SEOANE SEOANE